



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

**ACTA Nº 2018/5**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALÓN DE PLENOS, MÉRCORES 11 DE XULLO DE 2018 -**

No día de hoxe, ás 20:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

Manuel Fernández Munín

**ASISTEN:**

María del Carmen Botana Cebeiro  
Antonio González Barral  
Ana María Seijo Mosquera  
Jesús Sanjuás Mera  
Jesús José Santasmarinas Devesa  
Ana Isabel Alonso Taboada  
Xabier Canabal Fernández  
Carmen Soutullo Carolo  
Perfecto Barcala Mosquera

**AUSENCIAS:**

Alejandro Bermúdez Devesa

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación da acta anterior
2. Aprobación do deslinde do camiño Lamas - Vigo
3. Aprobación da modificación do proxecto do POS+2018

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

4. Asunción dos pregos publicados pola Deputación para as obras municipais
5. Establecemento da fiscalización previa limitada
6. Modificación presupostaria núm. 3
7. Solicitud do POS+ Adicional 1/2018
8. Toma de razón da renuncia do concelleiro Perfecto Barcala Mosquera
9. Aprobación da ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Boqueixón.
10. Moción do P.P para dedicar o día das letras galegas 2020 ao escritor Rei Ballesteros
11. Información da alcaldía
12. Rogos e preguntas

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

O sr. Canabal fai as seguintes puntualizacións: A primeira pregunta foi contestada e na acta vén que non se fixo. Despois mestúrase a intervención dos Concelleiros Soutullo e Barcala, recolléndose na acta un “remix” que é pouco comprensible.

Con estas dúas puntualizacións votamos a favor da acta anterior.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes, apróbase a acta da sesión que tivo lugar o día 9 de maio de 2018.

### **2. Aprobación do deslinde do camiño Lamas - Vigo**

Con data 26/10/2017 recíbese no concello , rexistro entrada nº 02338, un escrito presentado pola avogada dona Mercedes Bugallo Varela en representación de D. Carlos e dona Nieves Iglesias, no cal indican que como consecuencia da ampliación da demanda ao concello de Boqueixón no procedemento Xuízo Verbal 440/2015 que se sigue a instancia de don José Vilela no Xulgado de primeira instancia nº 3 de Santiago de Compostela ao obxecto de proceder ao deslinde do camiño público de Lamas, non están

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

conformes co plano confeccionado polo enxeñeiro técnico do concello relativo ao dito deslinde coas propiedades lindantes.

Polo que SOLICITAN, se reconsidere o trazado do camiño público.

Con data 2/11/2017 rexistro de entrada nº 02393, recíbese no concello un escrito presentado pola avogada dona Jacoba Millán Acosta en representación de don José J. Vilela no cal se indica que recibido o plano confeccionado polo concello están conformes co mesmo e solicita que se acorde proceder co deslinde do terreo cedido polo IRYDA ao concello en marzo de 1973.

Con data 21/02/2018, rexistro entrada 0344, a avogada dona Mercedes Bugallo, presenta novo escrito no cal reitera a súa desconformidade e solicita que se reconsidere o trazado do camiño público.

Con data 16/03/2018 rexistro entrada nº 0515, a avogada dona Jacoba Millán indica que non habendo acordo entre as partes para solucionar o conflito e estando pendentes do procedemento xudicial, SOLICITA que se acorde proceder co deslinde do terreo cedido polo IRYDA ao concello en marzo de 1973 e o seu posterior amolloamento.

Con data 17/04/2018 rexistro de saída números 0325 e 0326 remíteselles ás avogadas dona Mercedes Bugallo e dona Jacoba Millán ambos escritos nos cales se lles comunica que se procede ao deslinde o día 30 de abril de 2018 ás 10:00 horas. Comparecen ambas avogadas así como don Manuel Rañó e don Cándido Rodríguez arquitecto técnico e enxeñeiro técnico agrícola respectivamente en representación dos propietarios.

Asi mesmo, comparecen o alcalde do concello de Boqueixón, a arquitecta dos servizos técnico urbanísticos do concello, o enxeñeiro técnico en topografía dos servizos técnicos e urbanísticos do concello e a secretaria interventora do concello.

Efectuado o correspondente deslinde, con data 14 de maio de 2018, rexistro saída números 0418 e 0419, remitiuse a acta deslinde a ambas avogadas, comunicándolle que no caso de conformidade co deslinde procederase coa aprobación do mesmo e posterior amolloamento.

Con data 10 de xullo de 2018, recíbese un escrito presentado por dona Mercedes Bugallo Varela, avogada autorizada por don Carlos Iglesias

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Martínez e dona Nieves Iglesias Martínez no cal se indica a súa desconformidade co trazado do camiño que coincide cos puntos 2 e 3 sinalados no plano de replanteo elaborado por estudo técnico galego e SOLICITA, que se reconsidere o trazado do camiño público no que se refire aos referidos puntos 2 e 3 debendo situarse o trazado no linde leste da parcela 420.

A continuación o sr. Canabal di o seguinte: Despois do escrito que nos mandaron hoxe, deberemos ter unha explicación máis detallada, porque da acta que nos mandaban desprendíase que había ao fin unha aceptación entre as partes. Que foi o que pasou?

Dende o noso punto de vista ( segue dicindo o sr. Canabal), dado a que hai un dos afectados no pleno, pois estaría ben que intervirá e nos explicara un pouco a situación, porque a verdade é que á vista de toda a documentación estamos un pouco perdidos.

Se deciden deixar o punto sobre a mesa, nós apoiamos tamén esa decisión.

Neste momento e previa autorización da alcaldía , o afectado interesado presente na sesión di que está en contacto co outro afectado para realizar a permuta entre parcelas co fin de solucionar o problema particular entrambos, e posteriormente trataría de solicitar a adquisición do ben municipal que non sexa necesario para o uso público.

En canto á pregunta do sr. Canabal, di o alcalde que realmente non se sabe o que pasou, que o concello con data 14 de maio 2018 remitiulle a ambas partes a acta de deslinde, e ata o día 10 de xullo 2018 non se tivo coñecemento da desconformidade de don Carlos e dona Nieves Iglesias Martínez.

Sen máis debate e á vista do escrito presentado , decídese deixar este punto sobre a mesa para o seu estudo e informe técnico correspondente.

### **3. Aprobación da modificación do proxecto do POS+2018**

No Pleno extraordinario realizado o día 15 de decembro de 2017, aprobáronse os proxectos e a participación deste concello no POS +2018. Dentro das obras propostas estaba incluído o proxecto Camiño cruce de Vigo a cruce de Carabán por un importe de 82.795,85 euros.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

O dito proxecto foi enviado ó servizo de Patrimonio para que se emitira o correspondente informe para autorizar as obras propostas, posto que a execución das mesmas afectaba ó contorno de protección do Castro de Carabán.

No mes de febreiro recibíuse o informe onde se comunicaba que se autorizaban as obras sempre e cando a ampliación do ancho da superficie non supoña novas remocións de terras ou perfilados de cunetas.

Polo tanto, e segundo o informe do técnico do proxecto, don Julio C. Rojo Martínez, modifícase o proxecto neste sentido, eliminando as ampliacións de ancho da superficie na zona de protección do castro e, para compensar a diferenza económica que resultaría da resta destas obras, mellórase a capacidade portante do firme empregando máis cantidade de aglomerado.

No proxecto consta o anexo do presuposto comparativo.

É preciso, debido a que así o solicitan en Deputación, que se aprobe o proxecto modificado para poder enviálo e que se substitúa polo anterior coa finalidade de continuar coa tramitación do expediente. A continuación o sr. Canabal dí o seguinte:

A continuación o sr. Canabal dí o seguinte: Seguindo coa mesma filosofía que empregamos no pleno de decembro pasado, non apoiamos a estratexia POS no Concello de Boqueixón (agás o complementario tal e como explicaremos no punto 7). Existen outras prioridades no Concello que non sexan os famosos regados de piche nas pistas municipais.

Mantemos o noso voto contrario ao igual que o faciamos cando se aprobou o POS no pleno de decembro pasado. Advertiamos daquela, ao igual que nos últimos anos, que o empaketado de pequenos arranxos (piche), significaba rachar coa filosofía do propio Plan Único da Deputación na que se ditan unha serie de normas para que as obras e/ou subministracións teñan entidade.

Para que isto suceda, neste concello, resólvese coa fórmula de “e outros”. Así, por enxeñaría contable convértense gastos correntes, do capítulo 2, en gastos de investimento, do capítulo 6.

Loxicamente non hai unha coherencia interna nos investimentos, négasenos a participación neles, e polo tanto, non apoiaremos este proxecto POS nen as súas modificacións.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Sen máis cos votos a favor dos representantes do P.P e en contra do grupo Veciñ@Boqueixón, acórdase:

1 Aprobar o proxecto modificado da obra incluída no POS +2018 que a continuación se relaciona:

Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño cruce de Vigo a cruce de Carabán	153	82.795,85	-	82.795,85

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

#### **4. Asunción dos pregos publicados pola Deputación para as obras municipais**

Desde hai anos, este concello asume os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación de obras comprendidas en plans provinciais, publicados pola Deputación Provincial da Coruña.

A raíz da entrada en vigor da nova lei de contratos o pasado día 9 de marzo, tívose que facer a modificación dos pregos existentes, posto que a reforma da lei foi substancial empezando polos procedementos de adxudicación e terminando polos trámites precisos para xestionar os expedientes.

Con ocasión desta modificación e co obxecto de seguir aplicando os pregos nas contratacións das obras municipais que se realicen por parte do concello, proponse a súa aprobación.

O sr. Canabal di o seguinte: Estamos a favor de que se empreguen estes pregos de cláusulas. Non imos a entrar a discutir os aspectos xurídicos destes, porque seguro que entraríamos nun debate árido e xurídico que non nos corresponde.

Procédese coa votación, e cos votos a favor de todos os presentes, acórdase:

1 Aprobar e asumir, para a súa aplicación ás obras municipais, os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares de obras que haberán de rexer na contratación mediante procedemento aberto simplificado e simplificadísimo, publicados no BOP núm 101 do día 30 de maio de 2018.

2 Aprobar e asumir, para a súa aplicación ás obras municipais, os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares de obras que haberán de rexer na contratación mediante procedemento aberto ( con pluralidade de criterios de adxudicación automática), ( con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e ( cun único criterio de adxudicación, factor prezo), publicados no BOP núm 99 do día 28 de maio de 2018.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

3 Comunicar este acordo ó Servizo de Contratación

## 5. Establecemento da fiscalización previa limitada

No BOE do 12 de maio de 2017 saíu publicado o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, entre as que se encontran as entidades locais.

Establece este Real decreto, no artigo 3 que o control interno da actividade económico-financiera do sector público local se exercerá polo órgano interventor mediante o exercicio de **función interventora** e o **control financeiro**.

A función interventora ten por obxecto controlar os actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos .

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e en xeral, dos principios da boa xestión financeira comprobando que a xestión dos recursos públicos está orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía , a calidade e a transparencia e polos principios de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais. O control financeiro , comprende o control permanente e a auditoría pública.

No artigo 4 do citado Real Decreto, establécese que o órgano interventor, no exercicio das súas funcións de control interno estará sometido aos principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contradictorio e que exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e de demais entidades cuxa xestión sexa obxecto de control.

Establece, así mesmo, este artigo que o órgano interventor disporá dun modelo de control eficaz e para isto se lle deberá habilitar os medios necesarios e suficientes.

O artigo 9 establece que a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade local se poderá substituír, sempre que o acorde o

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Pleno, por o control inherente á TOMA DE RAZÓN EN CONTABILIDADE e o control financeiro posterior.

O artigo 13 establece que previo informe do órgano interventor e á proposta do Alcalde, o Pleno da corporación poderá acordar o réxime de FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA, en cuxo caso o órgano interventor se limitará a comprobar os requisitos básicos.

No caso de non aprobar o réxime de requisitos básicos aos efectos da fiscalización e intervención limitada, **así como para os gastos de contía indeterminada** será de aplicación o RÉXIME XERAL DE FISCALIZACIÓN E INTEVENCIÓN PREVIA.

Non obstante, a parte da fiscalización e intervención limitada previa, todas as obrigas ou gastos serán obxecto doutra PLENA con posterioridade.

Di a secretaria interventora que , en xeral , coa Función Interventora o que se realiza é controlar, examinar e analizar os actos da entidade local que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e gastos, así como ingresos e pagos, e co Control Financeiro compróbase o funcionamento dos servizos públicos, o cumprimento da normativa etc.

A continuación o sr. Canabal di : Certamente neste punto, nunha primeira vista temos que recoñecer que non sabemos exactamente o que se acorda.

Agradecemos as explicacións da Secretaría.

Supoñemos que en canto ao control dos actos, a intervención xa levará un control de que non se tomen acordos cando non exista consignación orzamentaria. Aínda que vendo a realidade, supoñemos que este control non debe ser, polo de agora, moi estrito.

Estamos a favor de que se controle, interveña e fiscalicen todos os actos que supoñan gastos ou/e ingresos no Concello. Incluso que a posteriori se auditen, parécenos unha boa cousa.

O que si, e comprendendo a carga que isto ten para a secretaría e intervención do concello, e lonxe de querer parecer “pelota” con este servizo, nós apoiariamos, a posibilidade de contratar un interventor no concello, aínda que fora a tempo parcial e compartido con outro concello ou concellos. Gustaríanos que se mirara esta posibilidade. Vemos moitas eivas

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

actuais en canto ao apartado económico e contable, e propoñemos que se tente de buscar algunha solución.

O que sí, imos apoiar a proposta que se trae ao pleno.

Á vista do cal e tendo en conta o informe da secretaria interventora, cos votos a favor de todos os concelleiros presentes, acórdase:

**1.-** Substituír a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da tesourería municipal, polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control financeiro posterior.

Non será aplicable este control inherente á toma de razón en contabilidade, nos supostos nos que a fiscalización fose delegada na Deputación de A Coruña.

**2.** - aprobar o réxime de fiscalización e intervención limitada previa, limitándose o órgano interventor á fiscalización dos actos, documentos ou expedientes susceptibles de producir obrigas de contido económico ou movementos de fondos e valores e á intervención previa da liquidación de gastos ou recoñecementos de obrigas mediante a comprobación dos seguintes extremos:

a) a existencia de crédito presupostario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer entendéndose que o é cando financie obrigas a contraer ou nacidas e non prescritas a cargo de Tesourería municipal que cumpran os requisitos dos arts. 172 e 176 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Nos casos nos que o crédito presupostario dea cobertura a gastos con financiamento afectada comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

b) que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.

En todo caso comprobarase a competencia do órgano de contratación, do concedente da subvención, do que celebra o convenio de colaboración, do que resolve o expediente de responsabilidade patrimonial e, en xeral, do

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

que dite o acto administrativo, cando dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación ou compromiso do gasto, ou recoñecemento da obriga de que se trate.

c) aqueles outros extremos fixados no Acordo do Consello de Ministros vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades locais.

**3.** - Cando con motivo do exame de calquera acto, documento ou expediente se advirta polo órgano interventor que se omitiu a fiscalización previa preceptiva do mesmo, non se poderá comprometer o gasto, recoñecer a obriga, tramitar o pago nin intervir favorablemente esta actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no art. 28 do RD 424/2017. Nestes supostos o órgano interventor poñerá de manifesto dita circunstancia ao órgano xestor correspondente nun informe ( que non terá natureza de fiscalización ), co contido sinalado no art. 28, para a súa elevación ao Alcalde ou Pleno da Corporación , segundo proceda, a fin de que determine a continuación ou non do procedemento e as demais actuacións que procedan.

## **6. Modificación presupostaria núm. 3**

En Xunta de goberno do 3 de maio de 2018, aprobouse a memoria valorada da “renovación de revestimentos na piscina municipal “ cun importe total de 31.766,92 € sen IVE ( 38.437,97 €, IVE incluído).

En sesión plenaria do día 9 de maio de 2018, aprobouse a modificación orzamentaria nº 2, pola que se xerou crédito con cargo ao superávit do 2017, na partida 342.619,00 para a reparación das deficiencias na piscina municipal.

Por resolución da alcaldía de data 14 de maio de 2018, adxudicouse mediante contrato menor, á empresa Coto Fandiño S.L a execución das referidas obras no importe de 36.294,97 € IVE incluído.

Efectuada a acta de comprobación de replanteo previo ao inicio da execución das obras, detectouse que na memoria valorada non se inclúe o vaso da piscina infantil, o cal se encontra, así mesmo, nun estado de conservación deficiente que implica perigos para os usuarios. Por este

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

motivo solicitouse a técnico redactor da memoria valorada un presuposto do arranxo da piscina infantil, que ascende a 4.327,57n € IVE incluído.

Con isto o orzamento total do proxecto ascende a 35.343,42 € sen IVE ( 42.765,54 € IVE incluído ), polo que segue sen exceder do importe do contrato menor( 40.000 € sen IVE), e mantense xustificado que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación tal como se informou na xunta de goberno do 3 de maio de 2018 tal como se esixe no apartado 3) do artigo 118 da LCSP.

Tendo en conta o importe adxudicado , 36.294,97 IVE incluído máis o importe da piscina infantil 4.327,57 € IVE incluído , resulta que o total a abonar ao adxudicatario serían 40.622,54 € IVE incluído polo que a contía orzamentaria consignada coa anterior modificación presupostaria (38.437,97 ) non é suficiente sendo necesario incrementar a partida 342.619,00 por importe de 2.184,57 € IVE incluído.

Por outro lado , en Xunta da Goberno que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2018, acordouse aprobar o proxecto de “ acondicionamento campo da feira de Lestedo”, cun presuposto de 50.000,00 € IVE incluído.

Posteriormente, con data 25 de xuño de 2018, recíbese da Dirección Xeral da Administración local a notificación da Resolución da Directora Xeral na que se sinala que se concede unha subvención de 30.000,00 € para a execución do referido proxecto e que se debe executar na súa totalidade e presentar a documentación xustificativa no prazo que remata o 30 de setembro de 2018. Polo que o concello debe aportar 20.000,00 € para o cal non existe consignación presupostaria téndose que consignar este importe na partida 933.600.01.

En Xunta de goberno que tivo lugar o 21 de xuño de 2018, aprobouse a addenda ao convenio entre o Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar e o concello para o financiamento das obras de acondicionamento do centro socio comunitario de Boqueixón, segundo o cal a Xunta aporta 100.000 euros na anualidade 2018 e 100.000 euros na anualidade 2019, tendo que aportar o concello 2.468,00 euros, segundo o proxecto aprobado en Xunta de goberno que tivo lugar o 18 de agosto de 2016 por importe total de 202.467,41 euros, polo que procede consignar na partida 933.600,02 os 2.467,41 euros a maiores dos 20.000 € anteriormente citados.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

O sr. Canabal di o seguinte: Creo que se repasamos as actas do Concello nos últimos anos, imos hoxe a facer algo que coido que non fixemos nunca. E isto é, votar a favor dunha modificación orzamentaria.

Para dicilo coa maior brevidade posible, apoiamos os proxectos presentados (arranxo da piscina, neste caso do vaso infantil, que era necesario) e o arranxo dun tramo da vía Hixinio Ansemil en Lestedo, que vai ata a Igrexa, e na que se plantexa unha senda peonil e o establecemento dun amplo aparcadoiro.

Por outro lado, tamén apoiamos que este pleno teña potestade para decidir en que inviste os superávits do Concello, polo que seguimos criticando as leis que interveñen a autonomía local das administracións municipais (as leis Montoro).

Á vista do cal , e tendo en conta o informe favorable de se secretaría intervención de data 29 de xuño de 2018, o Pleno acorda cos votos a favor do tódolos asistentes:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 3 do exercicio orzamentario 2018, tal como a continuación se detalla:

a) con cargo ao SUPERÁVIT 2017:

PARTIDA	ESTADO DE GASTOS	IMPORTE
933.600.0 1	Acondicionamento Campo de Feira de Lestedo	20.000,00
933.600,0 2	Acondicionamento centro socio comunitario en Sergude	2.468,00

b) Con cargo á transferencia do capítulo 2 do orzamento por importe de 2.184,57 ,

Á PARTIDA	TRANSFERENCIA	DA PARTIDA	CRÉDITO EXISTENTE
342.619,00	2.184,57	342.212,00	5.819,00

c) Con esta modificación o orzamento de ingresos e gastos queda tal como se detalla:

Estado Ingresos			Estado gastos		
Cap.	P. Inicial	P. Definitivo	Cap.	P. Inicial	P. Definitivo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

1	870.000,00	870.000,00	1	1.356.520,08	1.371.497,37
2	35.000,00	35.000,00	2	1.416.630,50	1.427.810,97
3	425.000,00	425.000,00	3	0,00	0,00
4	1.657.657,00	1.657.657,00	4	30.000,00	30.000,00
5	1.000,00	1.000,00	5	23.358,00	15,67
6	0,00	0,00	6	519.988,06	1.024.406,29
7	299.945,70	299.945,70	7	0,00	0,00
8	3.000,00	3.000,00	8	3.000,00	3.000,00
9	213.042,36	213.042,36	9	0,00	0,00
Total	3.504.645,06	3.504.645,06	Total	3.349.496,64	3.856.730,30

2.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, durante 15 días aos efectos de presentación de posibles reclamacións e considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse ditas reclamacións.

## 7. Solicitude do POS+ Adicional 1/2018

Con data 29/05/2018, a Deputación da Coruña comunica que se aprobou unha nova achega económica do POS+Adicional 2018 por un importe de 108.787,59 euros . Posteriormente, esta circular é corrixida por unha complementaria na que confirman que o importe definitivo da achega é de 145.050,12 euros.

Na circular enviada pola Deputación, explícanse as posibilidades de asignación de esta achega adicional e, unha delas, é a de poder executar os proxectos do plan complementario do POS+2018.

No Pleno extraordinario realizado o día 15 de decembro de 2017 aprobouse o seguinte proxecto que se incluía no Plan complementario do POS +2018:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Camiño de Ledesma a Codeso por importe de 137.797,61 euros.

No caso deste concello, óptase por aumentar as unidades de obra no proxecto anteriormente citado ata acadar a contía de 145.050,12 euros, polo que é preciso aprobar un novo proxecto, tal e como consta nas bases do Plan.

O sr. Canabal di que neste caso tal e como anunciou na discusión do punto 3, van votar a favor da proposta. E facémolo ( segue dicindo) por coherencia co que temos prantexado hai anos neste pleno, sobre as prioridades dos investimentos en camiños, e sobre a necesidade de ir abandoando o piche polo aglomerado das distintas pistas municipais.

Neste caso trátase dunha obra que temos priorizado, a estrada que une todo o sur do Concello, dende Ledesma ate Codeso pasando por Sucira e Donas.

O que nos estraña é que no proxecto orixinal do complementario do POS aprobado no pleno de decembro de 2017, partíase despois da aldea de Vila ate pasar Sucira. Agora plantéxase dende a Aldea da Ponte ate Noente. Poden explicar o cambio de criterio?

Pareceunos entender aos concelleiros de Veciñ@s que o primeiro tramo (da Ponte ata Vila) fan ver a posibilidade de facer tamén aceras ou unha senda peonil.

Ainda que votamos a favor desta obra, lamentamos que esta non estea incluída no POS orixinal. Os complementarios POS soen sair en dous anos (vendo a situación da pista do Pico Sacro ao Campo de Fútbol, que foi incluída no complementario do POS 2017) vemos que isto é así. Polo tanto esta obra que hoxe se aproba e modifica, con toda probabilidade non verá luz ata finais do ano que vén ou principios de 2020. E ogallá sexa antes.

A continuación, procédese coa votación e cos votos a favor de todo os concelleiros asistentes, acórdase:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

### A) Financiamento do pago a provedores:

Financiamento das facturas pendentes de pago con provedores de importe igual ou superior a 100 € (IVE incluído), que teñen entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 31 de decembro de 2017 (este incluído) ou voluntariamente de data posterior;

**(Só para o caso de concellos que non presentaron solicitude na 1ª fase deste Plan)**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Mayor achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

**B ) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:**

**(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan)**

Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan			Financiamento dos investimentos		
Procede do POS+ 2018 Complementario SI / NON	Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
NON	Camiño de Ledesma a Codeso	153	145.050,12	0	145.050,12
	<b>Subtotal investimentos financeiramente sostibles</b>		145.050,12	0	145.050,12

Aprobar os proxectos das novas obras ou os pregos das novas subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2018 que se relacionan nesta táboa.

### C ) Resumo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN</b>	-		-
<b>B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN</b>	145.050,12	-	145.050,12
<b>SUBTOTAL</b>	145.050,12	-	145.050,12
<b>IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN</b>	0		0
<b>TOTAL</b>	145.050,12		145.050,12

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

## **8. Aprobación da ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Boqueixón.**

O Departamento de Servizos Sociais, coa finalidade de regular as axudas de emerxencia social destinadas a persoas ou familias empadroadas e residentes neste concello, presenta para a súa aprobación no Pleno municipal, a correspondente ordenanza reguladora.

O sr. Canabal di o seguinte: Imos a votar a favor da Ordenanza e antes de nada queremos agradecer o traballo da Traballadora Social.

Vemos ben a ordenanza na teoría, aínda que supoño que pasado un tempo e contrastado na realidade de Boqueixón, teremos que ir pulindo multitude de detalles.

O que si que queremos deixar constancia, ao igual que o fixemos na reunión de traballo de hai meses no Concello, é que nos gustaría que se establecera a Renda Social Municipal para todas aquelas persoas que o necesiten, por exemplo cando están a tramitar a RISGA. Non é unha cuestión ideolóxica, senón de xustiza e de dignidade. Por iso non renunciamos a isto, e iremos trasladando distintas iniciativas para que ao final se incorpore esta ao corpo das ordenanzas de Boqueixón.

A sra. Soutullo pregunta que se fai coas persoas mentres se lles está tramitando as correspondentes axudas da comunidade autónoma e non dispoñen de medios.

Respóndelle o sr. Alcalde que nestes casos dende o concello e previo informe da traballadora social , outórganse axudas sociais.

O sr. Barral di que, nalgúns casos non parece correcto porque se ben é posible que os familiares non coiden debidamente ao familiar, cando este falece si recollen os bens.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor de todos os concelleiros presentes, acórdase:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

**1.- Aprobar a Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Boqueixón que a continuación se transcribe:**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, o contexto socioeconómico no noso país está a potenciar e incrementar o desenvolvemento, por parte da administración local, de medidas que garantan á cidadanía a cobertura das necesidades básicas, ao considerar, entre outras, as graves consecuencias da crise económica, a falta de emprego, o deterioro das condicións laborais, a perda de capacidade adquisitiva incluso das persoas que desempeñan actividade laboral, etc.

O concello é a única administración que pode ofrecer unha resposta rápida e urxente ás necesidades da súa veciñanza. A súa intervención neste sentido ampárase no marco lexislativo xeral e específico dos servizos sociais, onde existen numerosas referencias que confiren a esta administración potestade para establecer e regular este tipo de recursos. Entre elas podemos atopar:

- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. No seu artigo primeiro, apartado oito modifica, entre outros, ao artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando redactado do seguinte xeito o artigo 25.2.e): “O municipio exercerá, en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”.
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, onde quedan recollidas as competencias, actuacións e funcións dos servizos sociais comunitarios, concretando un catálogo de servizos sociais.
- O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, onde se establece de forma máis ampla o contido de cada un dos programas e servizos sociais comunitarios básicos.

O Concello de Boqueixón precisa contar cunha ordenanza áxil e efectiva, de forma que poida conciliarse a atención ás persoas con escasos recursos coa normativa e cos procedementos propios dunha administración.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

## **Artigo 1. Obxecto e definición**

A presente ordenanza ten por obxecto regular as axudas de emerxencia social no Concello de Boqueixón destinadas a persoas ou familias empadroadas e residentes no municipio.

Considéranse axudas de emerxencia social as prestacións económicas non periódicas destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos ou prestacións, situacións de necesidade sobrevidas e transitorias ocasionadas por gastos de carácter extraordinario e urxentes.

A finalidade destas axudas é a de dar unha resposta inmediata no momento en que estas situacións de necesidade se produzan e a de previr situacións de risco ou exclusión social por falta de medios para a cobertura das necesidades básicas.

As axudas de emerxencia social formarán parte, de ser o caso, dun proxecto de intervención social que inclúa unha análise completa da situación individual e familiar de cara a superar a situación de necesidade existente baixo unha perspectiva integral e normalizadora.

## **Artigo 2. Tipoloxía das axudas**

Para os efectos da presente ordenanza consideraranse situacións de necesidade, susceptibles de ser atendidas a través destas prestacións, as seguintes:

- a) Necesidades básicas de carácter persoal: alimentación básica, hixiene persoal, vestido, etc.
- b) Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde: adquisición de medicinas na porcentaxe non cuberta polo sistema, lentes, próteses, órteses, etc.
- c) Uso e mantemento da vivenda: alugueiro, hipoteca, gastos de subministracións (auga, electricidade e gas) e situacións de emerxencia ou sinistro, tales como incendio, inundación, ruína ou outras causas imprevisibles ou inevitables que obrigasen ao abandono da mesma.
- d) Habitabilidade e equipamento da vivenda: dotación de mobiliario esencial, instalacións de carácter básico que resulten imprescindibles para a subsistencia en condicións mínimas de habitabilidade, reparacións extraordinarias e urxentes para manter a vivenda en condicións de seguridade e hixiene ...

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- e) Gastos relativos á educación dos menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estivesen cubertos por outras axudas públicas e fosen fundamentais para a súa correcta inserción escolar.
- f) Aloxamento alternativo temporal derivado dunha causa grave allea á vontade da persoa destinataria.
- g) Asistencia a actividades que favorezan a inserción socio-laboral e educativas: matrícula e material para a asistencia a cursos formativos.
- h) Adaptación funcional da vivenda para persoas cun recoñecemento de discapacidade ou dependencia con graves problemas de mobilidade, sempre e cando se trate de gastos non cubertos ou cubertos de forma insuficiente por outras axudas públicas, e que se consideren imprescindibles e de primeira necesidade para o desenvolvemento normal da súa vida cotiá.
- i) Outras axudas para a atención de situacións que non poidan ser encadradas en ningún dos conceptos contemplados nos epígrafes anteriores e que sexan consideradas necesarias polos servizos sociais.

### **Artigo 3. Persoas beneficiarias**

Poderán beneficiarse destas axudas aquelas persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica e nas que concorran factores de risco tal que lles dificulten ou imposibiliten a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas, de xeito inmediato. Entenderase por unidade familiar ao conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga á conxugal, por adopción, acollemento ou parentesco, ata o 4º grao por consanguinidade, ou ata o 2º por afinidade.

Considerarase que se trata de unidades de convivencia independentes, malia que compartan o mesmo domicilio, nos seguintes casos:

- Cando nunha unidade existan menores a cargo.
- Cando estea conformada por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso ou situación de nulidade, divorcio ou separación legal, ou ben de cese acreditado dunha relación análoga á conxugal.
- Cando non exista ningún tipo de vinculación de parentesco nin de relación análoga á conxugal entre as persoas que convivan.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- Cando, por causas de forza maior, accidente ou desafuzamento, unha unidade de convivencia se vexa obrigada a residir con outra.
- Con carácter excepcional, aqueles outros casos en que exista unha valoración técnica que recomende recoñecela como tal.

#### **Artigo 4. Requisitos xerais**

Serán requisitos necesarios para acceder a estas axudas os seguintes:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado/a.
- b) Estar empadroado/a e residir de forma efectiva no termo municipal de Boqueixón cunha antelación mínima de seis meses á data de formulación da solicitude.  

Excepcionalmente, cando así sexa valorado polos servizos sociais por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, poderán ser beneficiarias aquelas persoas que non reúnan o requisito anteriormente mencionado.
- c) Carecer de medios económicos para facer fronte á situación de necesidade, de acordo co establecido no artigo 5.
- d) Non dispoñer de bens mobles ou inmoables, distintos dos da vivenda habitual, sobre os que se posúa un dereito de propiedade, usufruto ou calquera outro, que, polas súas características, valoración, posibilidades de venda, ou calquera outra forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios suficientes para atender o gasto obxecto da solicitude.
- e) Non figurar a persoa solicitante, nin outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio con persoal asalariado.
- f) Non ter concedidas axudas polo mesmo concepto por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.
- g) Non ter solicitado ningún outro membro da unidade familiar unha axuda municipal de emerxencia social para a mesma finalidade, nos últimos doce meses, agás en casos excepcionais en que a natureza da necesidade sobrevida así o requira.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- h) Presentar a solicitude no modelo normalizado e na forma establecida na presente ordenanza.

Para beneficiarse destas axudas non será preciso atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

### Artigo 5. Baremo económico

Considerarase a carencia de medios económicos de acordo co establecido no artigo 4.c. cando a suma de ingresos de todos os membros da unidade familiar , unha vez deducidos os gastos ocasionados polo alugueiro ou amortización da vivenda ata un máximo de 300€, non superen as porcentaxes do IPREM mensual que se indican a continuación:

Membros da UF	Límite de ingresos (% sobre o IPREM vixente)
1	Até o 100% do IPREM
2	Até o 120% do IPREM
3	Até o 140% do IPREM
4	Até o 160% do IPREM
5	Até o 180% do IPREM
6 ou máis	Até o 200% do IPREM

Os límites para ter acceso aos recursos actualizaranse de forma automática na medida en que o fagan os indicadores que se toman como referencia.

Computaranse como ingresos da unidade familiar a totalidade de ingresos netos, dos seis meses anteriores á data de solicitude, en concepto de rendementos de traballo, pensións, prestacións ou calquera outro título, agás: a prestación familiar por fillo a cargo da Seguridade Social, a libranza para coidados no contorno familiar e os complementos de axuda por terceira persoa (da pensión de gran invalidez do INSS, da PNC, PF maiores de 18 anos e LISMI). Así mesmo, tomarase como referencia a base imponible xeral e de aforro da última declaración do IRPF, para os efectos de constatar a variación das circunstancias económicas con respecto ao momento de formular a solicitude.

### Artigo 6. Documentación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Con carácter xeral, a documentación a presentar xunto coa solicitude será a seguinte:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou documento de identificación persoal de todos os membros da unidade familiar.
- Volante de empadramento e convivencia (achégao de oficio o Concello de Boqueixón).
- Fotocopia do libro de familia ou, no seu defecto, documento acreditativo da garda, custodia ou tutela.
- Xustificantes da situación económica de cada un dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos:

- ✓ Fotocopia da última declaración do IRPF ou, no caso de non ter que presentala, certificado de imputación de rendas ou autorización para solicitala directamente á Axencia Tributaria.
- ✓ Se están en situación de desemprego: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e certificado expedido polo SEPE no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego.
- ✓ Se están desempeñando actividade laboral por conta allea: fotocopia das seis últimas nóminas.
- ✓ No caso de estar de alta no réxime de autónomos, fotocopia das dúas últimas declaracións trimestrais a conta do IRPF.
- ✓ Se perciben algunha pensión ou prestación, certificado expedido polo organismo competente da contía mensual percibida.
- ✓ Declaración responsable (xurada) de ingresos nos casos en que estes non se poidan acreditar documentalmente por parte da unidade familiar.

- Copia do contrato de alugueiro ou amortización da vivenda habitual con xustificación de pagamento por este concepto.

- Extracto das contas bancarias de todos os membros da unidade familiar onde se reflectan os movementos dos últimos 12 meses.

- Calquera outra documentación que se estime necesaria para a valoración da situación de necesidade por parte dos servizos sociais: certificado de escolarización das familias con menores en idade de escolarización obrigatoria, copia da sentenza de separación ou divorcio e do convenio regulador, certificado acreditativo do grao de discapacidade e/ou dependencia, título de familia numerosa, etc.

### **Artigo 7. Importe das axudas**

O importe das axudas establecerase para cada caso concreto en función do tipo de necesidade, das circunstancias socioeconómicas da persoa

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

solicitante e das previsións de gasto que ocasione a situación de emerxencia.

A axuda poderá cubrir o gasto total da necesidade cando así sexa avaliado pola traballadora social dos servizos sociais, que así o fará constar no informe social.

Establécese en 1000€ o importe máximo anual a conceder polo conxunto de axudas solicitadas. Sempre e cando non se supere o dito importe poderase solicitar unha axuda deste tipo en máis dunha ocasión. Excepcionalmente poderase superar o importe máximo anual establecido, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais avaliadas tecnicamente e claramente motivadas no correspondente informe social.

### **Artigo 8. Procedemento de tramitación**

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

1º. Presentación da solicitude segundo o modelo oficial no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, ou por calquera dos medios indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.

2º. Revisión da solicitude e da documentación presentada por parte dos servizos sociais. Se esta non reunise todos os datos ou documentos aludidos con anterioridade, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, co conseguinte arquivo tal e como reflicte a vixente lei de procedemento administrativo.

3º. Estudo e valoración da situación de necesidade por parte da traballadora social dos servizos sociais e elaboración dun informe social no que se recollan as circunstancias sociofamiliares e económicas da unidade familiar, os datos da vivenda, a situación de necesidade e calquera outro dato que se considere relevante. Así mesmo, deberá recoller unha valoración profesional e unha proposta de resolución.

4º. Presentación da solicitude, xunto coa documentación e o informe social, á Xunta de Goberno Local para a emisión da resolución correspondente. No suposto de ditarse unha resolución desfavorable deberá ser motivada.

5º. Notificación á persoa interesada, no prazo máximo de 10 días hábiles, da resolución de concesión ou denegación, con indicación dos recursos que poderá interpoñer contra á mesma.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

A concesión destas axudas estará condicionada pola existencia de crédito orzamentario dispoñible nos orzamentos municipais de cada anualidade.

### **Artigo 9. Pagamento**

A forma de concesión da axuda quedará determinada na resolución, e poderá ser:

- a) A través dun pago directo, a favor da persoa solicitante, por medio de transferencia bancaria.
- b) A través dun pago delegado ao provedor do servizo, en función das características da emerxencia, cando así se determine no informe social.

### **Artigo 10. Xustificación**

A xustificación do gasto acreditarase mediante as facturas dos pagamentos e dos gastos realizados, que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos na normativa vixente, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

Tentarase, na medida do posible, realizar o pagamento ao provedor do servizo con base na cesión que dos dereitos de cobro fai a persoa beneficiaria a través da correspondente autorización. Se isto non é posible realizarase o pagamento á persoa solicitante, á que se lle establecerá un prazo máximo para a xustificación do importe da axuda.

### **Artigo 11. Obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias das axudas estarán obrigadas a:

- Comunicar aos servizos sociais calquera variación acontecida na situación sociofamiliar que poida ser obxecto de modificación das circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- Destinar a contía percibida aos fins para os que foi concedida.
- Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen aos fins para os que foron concedidos.
- Cumprir os obxectivos establecidos no proxecto de intervención social que, de ser o caso, se estableza para cada caso concreto.

### **Artigo 12. Perda do dereito e reintegro do pagamento**

Procederá a declaración da perda do dereito ao cobro da axuda ou o reintegro total ou parcial da contía percibida, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigas e requisitos establecidos na presente ordenanza e na resolución de concesión da axuda.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- Incumprimento da obriga de xustificar no prazo establecido.
- Falseamento ou ocultación de datos de cara a obter ou conservar o dereito á axuda.
- Desaparición das circunstancias que deron orixe á concesión da axuda.
- Baixa no Padrón Municipal.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto no Regulamento xeral de recadación.

### **Disposición adicional**

En todo aquilo non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa vixente na materia.

### **Disposición final primeira**

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e logo de que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 da mesma lei, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**2.** Expoñer ó público o expediente por un prazo de 15 días hábiles, previo anuncio do acordo no BOP e na páxina web municipal, para que os interesados poidas interpoñer as reclamacións que consideren oportunas

### **9. Toma de razón da renuncia do concelleiro Perfecto Barcala Mosquera**

O día 18 de xuño de 2018, co número de rexistro de entrada 01175, ten entrada no Concello o escrito presentado polo concelleiro da Agrupación de Electores veciñ@s de Boqueixón, don Perfecto Barcala Mosquera no cal manifesta literalmente:

*“Que transcorrido xa máis de 9 anos como concelleiro da Corporación Municipal, os 6 primeiros coma membro do Partido Socialista de Galicia (PSdG-PSOE), e os 3 derradeiros coma concelleiro da Agrupación de Electores Veciñ@ de Boqueixón, penso que chegou o momento de retirarme do meu cargo para dar paso á xente máis nova tendo coma premisa fundamental, que ninguén debería estar máis de 8 anos nun cargo público,*

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

*e eu levo 9, polo tanto presento a miña DIMISIÓN coma concelleiro da Corporación Municipal do Concello de Boqueixón.*

*Agradezo a todos os compañeiros da Corporación, así coma aos funcionarios e en xeral a todos os traballadores do Concello o bo trato sempre dispensado e as atencións manifestadas cara a miña persona”.*

A continuación o sr. Canabal di o seguinte: En nome do Grupo Municipal, queremos agradecerlle a Perfecto o seu traballo.

No plano persoal, e aínda que en estas situacións, non sei moi ben o que dicir (o “peloteo” dáseme realmente mal), quixera agradecer e recoñecer a figura de Perfecto Barcala.

Díxeno xa varias veces. O proxecto que iniciamos no 2015 debeuse á xenerosidade de dúas persoas, fundamentalmente, ao que foron sumándose outras. Estas dúas persoas son, David Calvelo e Perfecto Barcala. Sen esa xenerosidade, a creación do actual grupo municipal non tería sido posible.

Obvio dicir que con Perfecto Barcala nos separan moitos aspectos políticos e ideolóxicos. Vimos, e non falamos de xeracións, de dúas culturas políticas moi distintas. Mais dende esta discrepancia, soubemos, con moita xenerosidade, aparcas esas diferenzas e dar prioridade ao que nos une, que é, loxicamente, moito. Así o fixemos, e o resultado non foi mal. Debería, ao meu ver, ser exemplo tamén para o grupo municipal do PP. Pensar naquilo que nos une, permitiríanos uns resultados moito máis fructíferos para os nos@s veciñ@s. E ese debería ser o obxectivo final.

Agradezo dende o plano persoal a Barcala o seu traballo. Recoñezo a súa xenerosidade. Gratidade por ter estado ao teu lado nesta aventura. Sei que non se xubila, só é un paso a un lado, dando entrada no Grupo a xente nova e moi comprometida. Pídolle, aínda que sei de antemán que así será, que acabes co grupo este mandato.

Moitas Grazas.

Por último, o sr. Alcalde da as grazas o sr. Barcala polo seu traballo no concello durante o seu cargo como concelleiro de Boqueixón.

Á vista do cal o pleno da corporación acorda:

1.- Tomar razón da renuncia ao cargo de Concelleiro desta Corporación municipal de don Perfecto Barcala Mosquera que pertence á lista electoral

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

da agrupación de electores Veciñ@s de Boqueixón, que terá efectos desde esta data a partir da cal se produce a vacante do correspondente escano.

2.- Remitir oficio á Xunta electoral central para que expida a credencial de concelleiro/a electo a favor do candidato/a que conste no seguinte lugar na lista electoral correspondente á Agrupación de Electores Veciñ@s de Boqueixón, co fin de ocupar o escano previo cumprimento dos requisitos legais establecidos.

### **10.Moción do P.P para dedicar o día das letras galegas 2020 ao escritor Rei Ballesteros**

Con data 7/06/2018 recíbese a seguinte moción presentada polo grupo P.P do concello para que se dedique o día das letras galegas do 2020 ao escritor Anxo Adolfo Rei Ballesteros:

O Grupo municipal do concello de Boqueixón, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nado en Codeso, Boqueixón o 24 de xaneiro de 1952 e finado na Coruña o 29 de outubro de 2008, ANXO ADOLFO REI BALLESTEROS “foi o iniciador da novela galega contemporánea, nomeadamente a través de *Dos anxos e dos mortos* (1977), que marcou a fronteira entre a literatura do franquismo e a nova literatura, e *Loira* (1992), segundo o crítico Xoán González Millán “**un dos proxectos novelísticos máis complexos e ambiciosos da historia da narrativa galega**””. Pérez, M. (2013, outubro 7). Anxo Rei Ballesteros, presente. *Praza Pública*. Recuperado de <http://praza.gal/cultura/5613/anxo-rei-ballesteros-presente/>.

Considérase un dos fitos de referencia da nova xeración de narradores que comenza a expresarse a partir de 1975 e 1980, no novo tempo de creación, expresión e pensamento que se inaugura coas liberdades democráticas.

Constitúe un dos escritores máis representativos da narrativa galega contemporánea, autor de *Dos anxos e dos mortos* (1977), *Xogo de damas* (1988), *Loira* (1992), *Tempo e vinganza* (2003), *Non sei cando nos veremos* (2005) e dunha novela póstuma: *A noite do moucho*. A súa produción

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

literaria abarcou diferentes xéneros ensaio, teatro e narrativa sendo recoñecida por prestixiosos galardóns, desde o Pedrón de Ouro, o premio Losada Diéguez ou o Ramón Piñeiro de ensaio.

Cúmprase este outubro os dez anos preceptivos desde o seu falecemento para optar a ser recoñecido como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Por todo elo, elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1) Manifestar a vontade desta corporación Municipal de que se declare autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2020 a Anxo A. Rei Ballesteros.
- 2) Comunicar esta resolución á Real Academia Galega.

A continuación o sr. Canabal di o seguinte: Imos dar apoio á iniciativa. Sorpréndenos moi positivamente a sensibilidade cultural e literaria do grupo municipal do PP.

Apoiamos a candidatura de Rei Ballesteros. A súa calidade literaria está fóra de toda dúbida. Mais cremos necesario que aparte de enviar este acordo á Academia se busque a maneira de que saia ben. Está Xosé Manuel Lobato, escritor e que colaborou en moitas cuestións con este Concello, que podería botarnos unha man para que se fixera conforme ás normas da academia. Normalmente, e vímolos estas semanas cando se escolleu a Antón Fraguas como homenaxeado nas letras de 2019, son un grupo de académicos os que defenden a candidatura, para posteriormente pasar á votación no plenario da Academia.

Por iso, recomendamos que se encargue isto a xente que saiba os detalles, para que ao fin Rei Ballesteros teña o seu recoñecemento nas Letras Galegas do ano 2020.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes, apróbese esta moción.

## 11. Información da alcaldía

O sr. Canabal di entre os decretos facilitados non aparece o decreto do 15/05/2018 Xustificación intermedia proxecto prevención condutas aditivas.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Ademais hai na relación un decreto que pon Relación de Decretos, que non sabemos a que corresponde, se é aos decretos do mesmo día, ou se é que hai un decreto adicional con este título, que nós tampouco vimos.

A continuación dase conta:

A) dos decretos habidos desde o 4 de maio ata o 6 de xullo de 2018.

B) de que o departamento de Servizos Sociais e o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Boqueixón colaboran no desenvolvemento do Programa Mergúllate. Esta iniciativa, co financiada pola Secretaría Xeral de Igualdade e o Fondo Social Europeo, está organizada pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR).

Un total de nove mulleres con discapacidade da zona participan no obradoiro que se desenvolve todos os luns destes meses de verán no Centro Socio Cultural de Lestedo. Ditas sesións son impartidas por persoal especializado de ACADAR. O seu obxectivo é segundo as profesionais “ofrecer ás participantes un servizo de atención especializada e específica”.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e a directora do CIM de Boqueixón, Cristina Carbajales, visitaron recentemente ás participantes deste programa co fin de coñecer a súa experiencia. Durante estas sesións grupais abórdanse temas como o incremento da auto estima, promoción da saúde, mellora das habilidades sociais e intelixencia emocional, prevención e detección de situacións de violencia, entre outros.

Tras un mes desde a posta en marcha deste programa, que rematara a finais de agosto, aínda que o programa está vixente ata finais de setembro, dende ACADAR realízase un balance positivo. Neste senso, indican que todas as participantes están respondendo moi ben ás distintas actividades e valoran moi positivamente que o ambiente de traballo é moi distendido, o que facilita a optimización da atención. “Son mulleres participativas, activas e involucradas en recibir a formación que lle achegan as profesionais de ACADAR”, conclúen desde o CIM de Boqueixón.

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) está a desenvolver no Concello de Boqueixón o “Programa Mergúllate”, co financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade e o Fondo Social Europeo.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

O Programa contempla acción individuais dirixidas ás mulleres con discapacidade da zona con fin de ofrecerlles un servizo de atención especializada e específica. Con este motivo dende o departamento de Servizos Sociais e desde o Centro de Información á Muller de Boqueixón estase a colaborar activamente con ACADAR.

Durante as sesión grupais abórdanse temas como o incremento da auto estima, promoción da saúde, mellora das habilidades sociais e intelixencia emocional, prevención e detección de situacións de violencia, entre outros.

Participan nestes obradoiros un total de 8 de mulleres que acoden todos os luns nos meses de xuño, xullo e agosto ao Centro Sociocultural de Lestedo.

O programa Mergúllate estará vixente ata finais de setembro.”

## 12. Rogos e preguntas

Dase conta da contestación á seguintes pregunta formulada na anterior sesión plenaria ordinaria:

**Pregunta:** En abril de 2016 aprobouse o proxecto de acondicionamento do local social de Sergude para centro socio comunitario, financiado pola Xunta de Galicia. Por qué non se executou este proxecto?.

**Resposta:** Con data 12 de xuño de 2018 recibíuse no concello unha addenda ao convenio anteriormente asinado, na cal se mantén o mesmo importe de financiamento aínda que distribuído nas anualidades 2018 ( 1000.000 € ) e 2019 (100.000 € ) e a achega municipal segue sendo 2.467,41 €.

Esta addenda foi aprobada na Xunta local de Goberno que tivo lugar o 21 de xuño de 2018, polo que proximamente iniciárase a contratación da execución do proxecto do centro socio comunitario .

(REALIZADOS DIRECTAMENTE POLOS VECIÑ@S A TRAVÉS DE MAIL AO CONCELLEIRO XBIER CANABAL PARA A SÚA PRESENTACIÓN EN PLENO).

### 12.1.- SOBRE A PERIGOSIDADE NA PISTA DA GÁNDARA.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

Na aldea da Gándara hai una pista que pasa xusto por diante do campo de fútbol sala e do parque infantil recentemente posto. É un tramo recto, con pendente e cambio de rasante que anula a visibilidade e posteriormente chega a unha curva pechada. A todo isto, hai que engadir que é unha zona residencial e que o lugar é frecuentado por moitas persoas, na maioría nenos e maiores.

O problema é que por esta pista, os coches e as motos circulan a unha velocidade moi elevada e poñen en perigo a seguridade das persoas e dos animais da zona. Non é un lugar seguro para que os pequenos (e o resto, pero en especial eles) poidan disfrutar destas instalacións; xa levamos varios sustos e habería que actuar antes de que ocorrese algo irremediable.

Esta petición foi feita ao alcalde, pero non foi tida en conta. Xa que este non atendeu a petición e considero algo moi importante e urxente, poderíades trasladala vós no próximo pleno ou onde sexa oportuno?

**Responde o Sr alcalde** que procurarán mellorar as condicións  
O sr. Canabal di que non se deberían poñer parques en sitios perigosos e no caso contrario debería sinalizarse.

PREGUNTAS REALIZADAS POR XABIER CANABAL

## 12.2.- SOBRE O RUIDO NUNHA FÁBRICA SITUADA EN ARDESENDE.

- Son conscientes no Concello da molestia que sofren @s veciñ@s de Ardesende co ruído dunha fábrica situada na zona?

Instamos ao concello a que se poñan en contacto coa empresa ao fin de ver a posibilidade de compatibilizar a actividade económica coa vida normal na aldea, pois ao parecer, este ruído é constante, e tamén de noite.

**Response o Sr. Sanjuás** que el está nese lugar e non oi tanto ruído inda que a fábrica traballa día e noite.  
Reitera o Sr. Canabal que o concello debería trasladarlle un escrito advertíndolle da queixa veciñal.

## 12.3.- SOBRE O PROXECTO DE SENDA PEONIL NA SUSANA - A IGREXA.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- Son conscientes no Concello de Boqueixón de que existen fincas que quedan sen saída motivo da construción da Senda Peoníl?
- Son conscientes de que o non se está a respectar o proxecto?
- Pensan facer algo?

Nós, pola nosa parte, imos a poñernos en contacto coa propia Consellaría de Infraestruturas, porque vemos que as obras non se corresponden co proxecto que vostedes nos facilitaron.

**Responde o Sr. Alcalde** que non existen fincas sen saída, ao que responde o sr. Canabal que onde hai dous bordillos non deixaron entrada e reitera o alcalde que non vai quedar ningunha sen saída pois o bordillo quedará nivelado. O derradeiro martes ( segue dicindo o alcalde) estiven coa directora da obra e dixo que falaría cos propietarios/as para darlle explicación de como vai quedar o acceso ás fincas que xa teñen saída e as que non teñen deben solicitala. Sen embargo, as que teñen acceso por unha vía secundaria, non o van ter por diante.

En canto ao proxecto, di o alcalde que non foi modificado.

#### **12.4.- SOBRE AS QUEIXAS DE VECIÑ@S POLA ACTITUDE PASIVA DO ALCALDE.**

Nos últimos meses, foron bastantes @s veciñ@s que nos comentaron a actitude pouco resolutive do Sr. Alcalde. Non buscamos a resposta do Alcalde agora, simplemente que reflexione sobre isto.

PREGUNTAS REALIZADOS POR MARICARMEN SOUTULLO.

#### **12.5.- SOBRE O SERVIZO DE CORREOS.**

Na moción presentada e aprobada no pleno do mes de marzo do 2017 sobre o mantemento das oficinas de correos en Boqueixón e Vedra, instábase, entre outros obxectivos, a recuperar o posto de traballo dun carteiro perdido en Boqueixón.

Non é unha opción. Estamos a falar de que non se cumpre a Lei Postal Universal, e o Concello debe reclamar que se cumpra a Lei.

Reiteramos pois a pregunta feita no pleno de maio do 2018.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/5  
Sesión Plenaria  
mércores 11 de xullo de 2018

- Vaise facer algo dende o Concello para recuperar este posto de traballo que nos corresponde por lei?

## 12.6.- SOBRE A LIMPEZA DE BIOMASA NO ENTORNO DAS CASAS.

Parece ser que hai moitos problemas para cumprir con decreto de limpeza da biomasa ditado pola Xunta de Galicia.

- Dende o Concello vaise facer algo para axudar a cumprir coa normativa da Xunta?

**Responde o alcalde** dende o concello estase a enviar escritos aos veciños informándolle das obrigas correspondentes e ademais todo aquel que o necesite pode acudir ao concello para informarse.

Ás 22.15 horas non hai máis asuntos que tratar e por orde da presidencia levántase a sesión, da que estendo a presente acta, da que eu secretaria interventora dou fe.

Boqueixón, 17 de xullo de 2018.

A secretaria interventora, Elena Suárez Rodríguez  
O alcalde, Manuel Fernández Munin